

ACTA

Nº 76 Ano 2024.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10,30 horas do día 3 de xullo de 2024, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ana Otero Ferreiro	S.X. Presidencia	4.42.85
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
María Corral Lopez	D.X. Función Pública	4.52.37
Carlos Gomez Martinez	S.X. Emprego	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Manuel Suarez Lago	CSIF	881-542-850
Florinda de la Fuente Moure	UGT	607-629-732
Mª Jose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, Jose Acuña Vilas, por Cualtis.

1.- Designación de Presidenta do Comité.

Debido a marcha de Ascensión Labella Lozano, a representación da Administración designa coma nova Presidenta a Ana Otero Ferreiro,

2º Lectura e aprobación da acta da última reunión.

. Se aproba a proposta de acta presentada.

3.- Proposta de adaptación dos comités de seguridade a nova estrutura administrativa do Goberno da Xunta de Galicia.

Se aproba a proposta que consiste no cambio de nomes dos seguintes comités de seguridade e saúde laboral, que seguirán mantendo a súa actual composición:

- Comité da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pasará a denominarse Comité da Consellería de Economía e Industria.
- Comité da Consellería de Política Social pasará a denominarse Comité da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Comité da Consellería de Cultura e Turismo pasará a denominarse Comité da Consellería de Cultura, Lingoa e Xuventude.
- Comité da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pasará a denominarse Comité da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Comité da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade pasará a denominarse Comité da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
- Comité da Consellería de Emprego e Igualdade pasará a denominarse Comité da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Comité da Consellería de Facenda pasará a denominarse Comité da Consellería de Facenda e Administración Pública.

4.-Proposta de adscripción de persoal dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, aos Comités de Seguridade dos Edificios Administrativos do seu ámbito territorial.

Co motivo do novo ámbito de actuación da Consellería de Presidencia, e debido a que ésta non ten Comité de Seguridade propio, se aproba que o persoal integrado nesa Consellería, pase a depender dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral dos edificios administrativos, en razón do ámbito territorial no que radique o seu centro de traballo. Relacionasen a continuación ditos centros.

- Oficina Comarcal de Ordes ao Comité de Servicios Centrais.
- Servizos de Deporte e de Mobilidade ao Comité do Edificio de A Coruña.
- Oficina Comarcal de Vilalba ao Comité do Edificio de Lugo.
- Oficina Comarcal do Barco de Valdeorras, Complexo Deportivo de Monterrei, Estadio Municipal do Couto e Servizo de Mobilidade ao Comité do Edificio de Ourense.
- Oficina Comarcal de Lalín e Centro Galego de Tecnificación Deportiva ao Comité do Edificio de Pontevedra.
- Centro Sección Deportiva ao Comité do Edificio de Vigo.

5.- Rogos e preguntas.

CIG pregunta pola situación da avaliación de riscos laborais debido a existencia do radom. A Administración resposta que con data 22 de xuño pasado entrou en vigor a obriga de avaliar estes riscos. A Consellería de Presidencia está a piques de asinar un acordo co laboratorio acreditado da Universidade de Santiago de Compostela, para levar adiante a avaliación do radom nas prantas baixas, sotos e semisotos de 22 edificios pertencentes a dita consellería, antes de que remate o presente ano. A actuación das restantes Consellería farase de xeito individual, a medida que cada unha delas, vaia asinando acordos con algún laboratorio acreditado.

CSIF roga que cando se vaia a realizar avaliación nalgún centro, a enquisa que cubra o persoal esté a disposición destes nun lugar visible e impresa, xa que hai ámbitos onde a maior parte do persoal fai labores de campo e non utiliza diariamente o ordenador, o que favorecería unha maior cobertura das enquisas. A Administración

manifesta que informará os responsables dos centros, onde existe este tipo de persoal, de que fagan un esforzo para facilitar a participación na cobertura das enquisas.

CCOO roga que na próxima campaña de vixiancia da saúde, exista un marcador na proba de análise de sangue que se realice as persoas que fan traballo de campo, que determine si teñen anticorpos da enfermidade do lyme ou borreliose, adquiridas por picaduras de carracha e que tamen se facilite o mais pronto posible, a este persoal, repelente para este tipo de insectos. O representante de Cualtis manifesta que non ten coñecemento de que exista este marcador, pero informarase sobre a situación actual e posibles solucións e dara conta delo. A Administración informará as consellerías afectadas sobre a necesidade de facilitar o repelente necesario a este persoal.

A Presidencia informa de que a próxima xuntanza deste Comité, a celebrar entre finais de setembro a primeiros de outubro, terá carácter extraordinaria, xa que cúmpliranse 20 anos desde a constitución deste Comité Intercentros.

Levantase a sesión, sendo as 11,30 h..

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ANA OTERO FERREIRO

EDUARDO FREIRE POUSA